

O despilfarro do goberno do PP en Cedeira:

O goberno municipal do PP continúa a amosarnos no fondo e nas formas o uso e abuso da súa maioría absoluta, tomando decisións que lonxe de favorecer aos veciños e veciñas só supoñen **gastos innecesarios** como se non houbera en que investir os cartos neste Concello, así, vén de aprobar no pleno ordinario celebrado o 29 de novembro o seguinte :

- **Acondicionamento da praza do Floreal; cunha inversión total de 161.838,01 €** e que consiste en desfacer a “parte axardinada” da mesma para volver a facela.
Ao BNG parécenos unha barbaridade investir semellante cantidade de cartos nunha praza que é unha mostra máis da desastrosa xestión urbanística que o goberno do PP leva desenvolto neste pobo ao longo de case 40 anos. O único que se debería acondicionar é a pista de baloncesto que hai nesta praza, xa que se o pensades é a única pista pública que hai no noso Concello, costaría moito menos e agora mesmo a calquera se lle ocorren centos de ideas onde investir os cartos públicos.
- **Revisión de prezos do contrato coa empresa Celtaprix, que suporá que esta pase a cobrar do Concello de 403.995,11 € a 426.457,24 € anuais.** O BNG sempre nos opuxemos á privatización dos servizos públicos, recordamos que foi o mesmo alcalde que temos agora o que no ano 2006 privatizou o servizo de recollida do lixo establecendo coa empresa adjudicataria unhas cláusulas administrativas que establecen o dereito da mesma á revisión de prezos.

E que decir do traslado do local social de maiores?

O mesmo día, 29 de novembro e a continuación do pleno ordinario, celebrouse un extraordinario para debater o traslado ou cambio de ubicación do local social de maiores do auditorio, propiedade municipal, a un local alugado na praza Roxa. **Outro gasto totalmente inxustificado**, que conta coa oposición dos usuarios do mesmo e do que seguimos sin saber nin o por que nin o uso que pretenden darlle ao local do auditorio.

- O BNG levamos dende o mes de maio preguntándolle ao goberno municipal en todos os plenos **por que se toma a decisión de alugar un local privado para local social dos maiores cando xa se dispón de un público do que as persoas maiores ademais non se queren ir**, e que pretenden facer co local do auditorio.
- A día de hoxe, e estamos en decembro seguimos igual que todo o pobo sen saber as razóns do traslado, o único que sabemos é o que nos vai costar o novo aluguer (700 € o 1º ano, 900 € o segundo e 1.200 € o terceiro só de aluguer do local)
- **O goberno municipal popular non é capaz ou máis ben non queren facelo, de explicar absolutamente nada**, e a actitude do Sr. alcalde neste pleno extraordinario foi máis que reprobable. Deu por rematada a sesión cando a el lle pareceu, amosando unha total falta de respecto non só a todos os presentes na mesma, senón a todo o pobo de Cedeira, que ten dereito a saber o porque de calquera decisión que tome o seu goberno e que ademais é quen paga esas decisións tanto en sentido literal como figurado.
- O que si quedou claro neste pleno extraordinario foi que o Sr. alcalde non soporta ningún tipo de oposición ao seu **“orden e mando”**, e manifestou que si chega a saber a que se monta co tema do traslado que nunca o tería feito.

“O señor alcalde foise pola porta de atrás e sen ser capaz de pedir desculpas polas continuas faltas de respecto amosadas aos maiores nos últimos plenos”